

# INTRODUCCIÓN AO KIT DAS AULAS DIXITAIS

## XORNADAS DE FORMACIÓN



**Antes de seguir ... unha pequena reflexión**

## Cántos estades de acordo con cada unha das seguintes frases?

Nº

Non podemos esperar un resultado diferente se facemos sempre o mesmo.

O reto actual do sistema educativo xa non é tanto a introdución de máis tecnoloxía nas aulas, senón os cambios metodolóxicos que os docentes estean dispostos a asumir.

Os alumnos non necesitan cambiar nada, estamos no século XXI, eles só teñen que seguir acordes co seu tempo. Somos os docentes os que temos que cambiar, os da xeración do xiz.

A competencia dixital non se reduce a “saber usar” ferramentas, aplicacións, hardware ou software. Consiste máis ben en “saber aplicar” todo ese coñecemento ao noso labor diario como docentes.

O primeiro paso na transformación metodolóxica será asumir que o papel dos docentes está cambiando, xa non consiste en transmitir coñecementos aos alumnos.

## En que nivel de competencia TIC consideras que estás?

Nº

<b>Nivel 1</b>	<b>Coñezo</b> algunhas das ferramentas tecnolóxicas e algunhas formas de integralas na práctica educativa.	
<b>Nivel 2</b>	<b>Utilizo</b> diversas ferramentas tecnolóxicas nos procesos educativos, acordes co contexto no que traballo como docente.	
<b>Nivel 3</b>	<b>Aplico</b> o coñecemento dunha ampla variedade de tecnoloxías no deseño de entornos de aprendizaxe innovadores e para prantexar solucións a problemas identificados no meu contexto educativo.	

Fonte: **INTEF** (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado)



# eXeLearning

## Que é eXeLearning?

ExeLearning é unha ferramenta de código aberto (open source) que facilita a creación de contidos educativos sen necesidade de ser un experto.

**Dispoñible para**

- **Windows**
- **Linux**
- **Mac**




**Existen versións instalables e versións portables**

**Web do proxecto:** <http://exelearning.net>




**eXeLearning** execútase dentro dun navegador e a primeira vez que o iniciamos permítenos seleccionar o idioma no que queremos traballar e o navegador que queremos usar por defecto.



The screenshot shows the eXe Learning application interface. A 'Preferences' dialog box is open, displaying the 'General Settings' tab. The 'Select Language' dropdown is set to 'en: English'. The 'Select Browser' dropdown is set to 'Default browser in your system'. A 'Save' button is visible at the bottom left of the dialog, and a checkbox labeled 'Show this window on eXe start' is checked at the bottom right. The background interface includes a browser window with the URL '127.0.0.1:51235/newPackag', a menu bar with 'File', 'Tools', 'Styles', and 'Help', and a sidebar with various activity categories like 'Experimental', 'Interactive Activities', and 'Textual Information'.



## Configuración e estilos



The screenshot shows the eXe software interface. The 'Estilos' menu is open, displaying a list of styles with checkboxes. The 'INTEF' style is selected. A blue arrow points from the 'Estilos' menu in the software to the list of styles. A speech bubble points to the 'Estilos' menu, and another points to the 'Preferencias' option in the software interface.

**O menú "Estilos"**


Neste apartado podemos seleccionar o aspecto visual que terán os nosos contidos. Para seleccionar un estilo pulsamos sobre este menú e marcamos a casilla do estilo que queiramos utilizar.

**As preferencias**

Despois de realizar a configuración inicial, podemos volver a cambiar as nosas preferencias en calquera momento









## As 3 áreas da pantalla de eXeLearning



**1. Resumen (estructura)**  
Crea a estrutura dos teus contidos:  
cartafoles, ficheiros, ...

**2. iDevices**  
Engade diferentes tipos de actividades


**3. Área de traballo**  
Edita e inserta os teus contidos:  
textos, imaxes, vídeos, gráficos, animacións, presentacións ...





## A área dos iDevices



The screenshot shows the eXe software interface. The browser window title is "eXe : Home - Iceweasel". The address bar shows "127.0.0.1:51235/newPackage". The main content area is titled "eXe : Home" and contains a menu for "iDevices". The menu is expanded, showing the following categories:

- Experimental
- Actividades Interactivas
  - Actividade de encher espazos
  - Actividade despregable
  - Escolla múltiple
  - Pregunta Verdadeira ou Falsa
  - Selección múltiple
  - Test SCORM
- Actividades non interactivas
- Información Meta
- Información textual

The text in the image explains that iDevices are activities and elements used to add content, and lists the five default categories. A callout box highlights the text:

### Que son os iDevices?

Os iDevices son actividades e diversos elementos máis que podemos usar para engadir aos nosos contidos.


Por defecto móstranse agupados en 5 categorías:

- Experimental
- Actividades interactivas
- Actividades non interactivas
- Información meta
- Información textual

Para usar calquera deles, simplemente facemos clic sobre él.



## A área das estruturas



The screenshot shows the eXe software interface. The browser window title is 'eXe : Home - Iceweasel'. The address bar shows '127.0.0.1:51235/newPackage'. The interface includes a menu bar with 'Ficheiro', 'Ferramentas', 'Estilos', and 'Axuda'. Below the menu bar are buttons for 'Engadir páxina', 'Eliminar', and 'Renomear'. The 'Resumo' block is active, showing a content tree structure:

- Inicio
  - 1. Tema
    - 1.1 Sección
    - 1.2 Sección
    - 1.3 Sección
  - 2. Tema
  - 3. Tema

At the bottom of the interface, there are sections for 'Actividades interactivas', 'Actividades non interactivas', 'Información Meta', and 'Información textual'.


### Para que serve a estrutura?

Coas ferramentas do bloque “Resumo” (estrutura) podemos crear a nosa **árbore de contidos**.

Se temos uns contidos extensos podemos estruturalos en temas, seccións e unidades para que sexan máis comprensibles e accesibles para os que utilicen os nosos contidos



## A área de traballo



The screenshot shows a web browser window titled "eXe : Home - Iceweasel". The address bar displays "127.0.0.1:51235/newPackage". The browser's menu bar includes "Ficheiro", "Ferramentas", and "Estilos". Below the menu bar, there are options for "Engadir páxina" and "Eliminar". A "Resumo" section shows "Home". The main content area is mostly blank. On the left side, there is a sidebar with a "Máis visitados" section and a list of "iDevices" including "Experimental", "Actividades Interactivas", "Actividades non interactivas", "Información Meta", and "Información textual". A large speech bubble is overlaid on the main content area, pointing to the central workspace.

### Área de traballo

Esta é a área onde se visualiza o recurso que estás construíndo. Nesta zona irás engadindo e organizando os distintos iDevices, elementos e contidos que conformarán o resultado final.



## Que é Moodle?

É un software deseñado para que os profesores poidan crear cursos en contornas virtuais de aprendizaxe.

## Onde poido empregalo?

Se o noso centro está integrado no proxecto **websdinámicas**:

[http://www.edu.xunta.es/centros/nome\\_do\\_centro/aulavirtual/](http://www.edu.xunta.es/centros/nome_do_centro/aulavirtual/)

[http://www.edu.xunta.es/centros/nome\\_do\\_centro/aulavirtual2/](http://www.edu.xunta.es/centros/nome_do_centro/aulavirtual2/)



aulavirtual: se a plataforma está **moodle 1.9**  
aulavirtual2: se a plataforma xa está migrada ao **moodle 2.6**

## Cómo accedo ao moodle do meu centro?

No centro hai cómo mínimo un profesor co perfil de **administrador** que che creará **usuario de acceso** e O curso que precisas para traballar



AV Galego (gl) Non está identificado. (Acceso)

### Aula Virtual

**NAVEGACIÓN**

- Páxina principal
- Novedades del sitio
- Cursos

**MENÚ PRINCIPAL**

- Novedades del sitio

### Categorías de curso

Contraer todo

- Departamentos
  - Lengua Castellana (3)
  - Administrativo (15)
  - Informática (15)

Aula virtual do [ir á web] [Galería]

### CALENDARIO

Abril 2016

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10

## Poido crear cursos?

Os usuarios con perfil profesor xa poden crear cursos dentro da aula virtual Moodle



### Engadir un novo curso

Xeral

Nome completo\*

Nome curto do curso\*


Categoría de cursos

Visible


## Traballando co meu curso

Para modificar os elementos do meu curso prememos en  
“Activar edición”


Imos indo engadindo  
elementos ao curso



+ Engadir unha actividade ou un recurso




**Actividades:** permiten interactividade cos alumnos e permiten realizar avaliación



**Recursos:** Serven para ir engadindo contidos ao curso en moi diversos formatos.

## Traballando co meu curso



### Os elementos do curso

Calquera elemento que conteña o meu curso pode ser modificado en calquera momento. Os elementos os poido ocultar e mostrar no momento que me pareza máis axeitado.

## E cómo acceden os alumnos?

Dependendo do nivel educativo no que imparta clases poido ter os **alumnos matriculados** no curso para que entreguen actividades e visualicen o contido do curso, ou poido admitir que visualicen o curso só como **convidados**

### Editar a configuración do curso

#### ▼ Acceso como convidado

Permitir o acceso a convidados ?

Si

Contrasinal ?

.....


Desenmascarar

## Cómo dar de alta aos alumnos?

Se preciso que cada alumno teña o seu usuario para que poidan estar matriculados no meu curso e interactuar con eles; teño que solicitar ao profesor do centro con perfil **administrador** que cree un usuario para cada alumno.

### Cargar usuarios

O administrador poderá engadir todos os usuarios dende un arquivo.



### Cargar usuarios

Cargar

Ficheiro\*

Escolla un ficheiro...



CSV delimiter

;


Encoding

UTF-8

Preview rows

10

Cargar usuarios



### Ficheiro.csv para cargar usuarios

Se lle aportamos un arquivo con este formato xa o pode engadir directamente.



## Cómo dar de matricular aos alumnos?

Unha vez que o alumno xa ten usuario na **aula virtual**, poido matriculalo no meu curso.



### Matriculación

Eu como profesor decido o método de matriculación dos alumnos no meu curso.

### Suxestión: Automatriculación

Deste xeito matriculanse os propios alumnos coa clave que eu lles dei, e non teño que ir matriculando un por un.  
O método que situe de primeiro é o que se aplica por defecto.

### Métodos de matriculación

Nome	Usuarios	Arriba/Cara abaixo	Editar
Automatriculación (Alumno)	0	↓	✕ 👁 ⚙
Matriculacións manuais	0	↑ ↓	✕ 👁 👤 ⚙
Acceso como convidado	0	↑	✕ 👁

Engadir método

Escoller...



**Aulas** **Dixitais**

**amtegn**  
Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica

